SUBSTITUCIÓN MEMBROS ASEMBLEA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Comunicamos aos membros da Asemblea da FGBm., que os representantes de Entidades Deportivas que a continuación se detallan, perden a súa condición de asembleísta conforme aos Estatutos da FGBm. No seu artigo 20 g), "Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento" conforme ao regulamento electoral no seu artigo 6 b) no proceso electoral celebrado en decembro de 2018.

Os representantes no estamento de Entidades Deportivas da provincia de Pontevedra que perden a súa condición de asembleístas son:

- Club Bm. Deza
- Club Encestarias Vilagarcía.

Conforme aos Estatutos da FGBm, no seu artigo 21 *"As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultados electos".*

Segundo a acta de proclamación definitiva de membros á Asemblea Xeral da Federación Galega de balonmán, a cal se achega, os representantes polo estamento de Entidades Deportivas aos cales lles corresponde a representación son:

- Club Cisne Bm.
- Club Bm. Chapela

Aos membros saíntes e aos novos membros da Asemblea, daráselles traslado desta comunicación na data que se reflexa neste comunicado.

Vigo, 9 de xuño de 2020

Bruno López Molina

Presidente da FGBm.